

Sendo preciso actualizar o calendario de festas non recuperables, os períodos de semana santa, nadal e o peche de centros consonte o disposto na Disposición Adicional Segunda da resolución reitoral de 4 de marzo de 2020 relativa a Vacacións, Permisos, Licenzas e Xornada do PDI da USC, faise público o calendario para 2025 para o PDI da USC.

CALENDARIO DE FESTAS NON RECUPERABLES; CONCRECIÓN DE DÍAS FESTIVOS E PERÍODOS DE SEMANA SANTA, NADAL E PECHE DE CENTROS ESTABLECIDOS POLA XERENCIA. ANO 2025

(DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA da R.R. do 4 de marzo de 2020 relativa a Vacacións, Permisos, Licenzas e Xornada do PDI da USC)

1.- Calendario de festas non recuperables no Estado e Comunidade Autónoma de Galicia, de ámbito local, e festivos universitarios.

FESTAS NON RECUPERABLES	ESTATAIS E COMUNIDADE AUTÓNOMA	ÁMBITO LOCAL	UNIVERSIDADE
1 de xaneiro	Aninovo		
6 de xaneiro	Reis		
27 de xaneiro			S. Tomé de Aquino
4 de marzo		Entroido (L)	
17 de abril	Xoves Santo		
18 de abril	Venres Santo		
1 de maio	Día do Traballador		
29 de maio		Ascensión (S)	
17 de maio	Día das letras galegas		
25 de xullo	Día de Galicia		
15 de agosto	Asunción da Virxe		
16 de agosto		San Roque (S)	
setembro (pte. de establecer)			Apertura Curso
6 de outubro		San Froilán (L)	
1 de novembro	Todos os Santos		
6 de decembro	Día da Constitución		
8 de decembro	Inmaculada Concepción		
25 de decembro	Nadal		

2.- Concreción da semana de festas de ámbito local

Na semana na que se celebran as festas de ámbito local de San Froilán, en Lugo, e a Ascensión, en Santiago de Compostela, o persoal poderá gozar **dun día** garantindo sempre a prestación da docencia.

3.- Concreción dos Períodos de Semana Santa e Nadal

Os períodos de semana Santa e Nadal serán os figuren no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno



→ O período de Nadal establécese entre o 26 de decembro de 2025 e o 5 de xaneiro de 2026, ambos inclusive.

4.- Concreción do período de peche dos centros

Pecharán os centros docentes no mes de agosto no período que vai desde o día 4 ao 15 de agosto de 2025, ambos inclusive.

5.- Desfrute de permiso por asuntos particulares

O desfrute deste permiso poderá concederese ata o día 31 de xaneiro de 2026.

O profesorado que imparta docencia en máis dun Centro e que non poida gozar do festivo do centro a que está adscrito por ter ese día actividade lectiva noutro dos centros en que imparte docencia poderá gozar dun día máis de asuntos particulares.

O profesorado con docencia en máis dun centro deberá realizar as súas tarefas no centro a que estea adscrito nos días festivos dos demais centros en que imparte docencia.

6.- Desfrute do período de vacacións

Con carácter xeral, o período de vacacións anuais gozarase no mes de agosto sen necesidade de autorización expresa. De xeito excepcional, poderanse autorizar noutro período no que o profesorado non teña asignada docencia, e como máximo ata o día 31 de xaneiro de 2026.

Naqueles casos nos que por razón de Servizo ou de forza maior non puideran ter sido desfrutados, tanto as vacacións como os permisos por asuntos particulares, con anterioridade ao 31 de xaneiro de 2026, poderanse desfrutar ata o 31 de marzo de 2026.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O vicerreitor de Profesorado